



## **EN 2024 A RUD REITERA A SÚA DEFENSA DOS DEREITOS LGTBIQA+ E CONDENA O XENOCIDIO DO POBO PALESTINO**

A Rede de Universidades pola Diversidade (RUD) reafirma o seu compromiso coa construción dun contorno universitario seguro, inclusivo e orgulloso, onde todas as persoas poidan desenvolverse plenamente sen temor a ser obxecto de discriminación ou violencia.

Cremos como universidades que a educación é unha das ferramentas máis poderosas para a transformación social. Porén, non temos palabras novas ás do noso manifesto de 2023.

Reiteramos que a RUD segue preocupada polo incremento dos discursos en contra das ópticas dos dereitos humanos fundamentais.

Reiteramos que a Universidade, como institución educativa, debe continuar fomentando unha capacidade crítica, reflexiva e analítica que permita a transformación para construír unha sociedade máis habitable para todas as persoas.

Reiteramos que a RUD non é allea á sociedade en que estamos inmersas. Continuamos a traballar para que as universidades se constitúan como espazos seguros e reivindicámonos como institucións aliadas de causas sociais para poder celebrar a igualdade de dereitos e a convivencia na diversidade.

Lamentamos ter que volver cinguirnos a estas palabras, pero resúltanos máis duro aínda afrontar estas realidades que, lonxe de mellorar, mostran meirande arraigamento dentro dos imaxinarios políticos, sociais e culturais.

No obstante, consideramos fundamental incluír unha mención específica de condena ao xenocidio palestino. A RUD quere rexeitar de xeito enérxico a relación que se establece entre a defensa dos dereitos LGTBIQA+ para xustificar este masacre.

As vulneracións de dereitos humanos son responsabilidade de toda a sociedade.

E se non tiveses casa a que volver?, e se non puideses camiñar sen medo?, e se non houboese ninguén con quen puideses contar?, e se non tiveses universidades ás que ir?, e se non puideses ser ti?

Por último, reiteramos que a Rede de Universidades pola Diversidade é feminista, LGTBIQA+, transincluínte, despatoloxizante, mestiza, inclusiva, progresista, ecoloxista, políglota, antirracista, anticapacitista, antipatriarcal, segue os



**RED DE UNIVERSIDADES  
POR LA DIVERSIDAD**

principios de equidade e xustiza social. E, sobre todo, abraza a diversidade familiar, é visible e é orgullosa.

As universidades adheridas á RUD ata o momento son as seguintes: Universidade da Coruña, Universidad de Alcalá, Universitat d'Alacant, Universidad de Almería, Universitat Autònoma de Barcelona, Universidad Autónoma de Madrid, Universitat de Barcelona, Universitat Oberta de Catalunya, Universidad Carlos III de Madrid, Universidad de Cádiz, Universidad de Castilla La Mancha, Universidad Complutense de Madrid, Universidad de Córdoba, Universidad de Extremadura, Universidad Fernando Pessoa-Canarias, Universitat de Girona, Universidad de Granada, Universidad de Huelva, Universidad de Jaén, Universidad Jaime I de Castellón, Universidad de La Laguna, Universidad de La Rioja, Universidad de León, Universidad de Lleida, Universidad de Málaga, Universidad Miguel Hernández de Elche, Universidad de Oviedo, Universidad Pablo de Olavide de Sevilla, Universidad Politécnica de Cartagena, Universitat Politècnica de Catalunya, Universidad Politécnica de Madrid, Universitat Pompeu Fabra, Universidad Rey Juan Carlos, Universitat Rovira i Virgili, Universidade de Santiago de Compostela, Universidad de Sevilla, Universitat de València, Universidad de Valladolid, Universidade da Vigo, Universidad de Zaragoza.

**Para máis información:** [rud.coordinacion@gmail.com](mailto:rud.coordinacion@gmail.com)